

CURRÍCULO

Bacharelato

Lingua Galega e Literatura I



XUNTA
DE GALICIA

1. Lingua Galega e Literatura

1.1 Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como

guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exige nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama recursos e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou o grao de autonomía conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para

a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgúñas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo deben de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

No marco galego, dada a proximidade xeográfica e os vínculos socioculturais entre Galicia e Portugal, a reflexión interlingüística no bacharelato cobra unha dimensión maior. Así, os coñecementos básicos de portugués aprendidos na educación secundaria obrigatoria deberán ser o punto de partida para desenvolver contidos e estratexias que, alén de facilitar a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional das mozas e mozos galegos. Con este fin, os centros educativos, a través do equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos e culturais entre o alumnado dos dous territorios (encontros, concursos, festivais...).



1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia

OBX1. Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.

- A diversidade lingüística constitúe unha característica fundamental de toda a Península Ibérica. As clases de idiomas deben acoller esta diversidade tanto para valorar os significados culturais derivados diso e evitar os prexuízos lingüísticos como para afondar no coñecemento do funcionamento das linguas e das súas variedades, facilitando a reflexión interlingüística e a comunicación con falantes doutras linguas. O desenvolvemento deste obxectivo na aula debe nutrirse da análise e do diálogo sobre textos orais, escritos e multimodais de carácter social e cultural, que reflectan tal pluralidade lingüística e dialectal. O alumnado debe, alén diso, aprender a distinguir os trazos que obedecen á diversidade xeográfica, doutros relacionados co sociolecto ou cos diversos rexistros vinculados ás distintas situacións comunicativas.
- Pola especial e preocupante situación da lingua galega, como axuda para a súa recuperación, é preciso que esta alcance, a través da lingua portuguesa, unha maior utilidade internacional. Débese conseguir que o portugués non sexa alleo ao galego. Para iso, é conveniente que o alumnado, cando se ache en contacto coa lingua portuguesa ben fisicamente ou ben a través das redes sociais e doutros medios de comunicación, entenda oralmente e por escrito —dentro do seu respectivo nivel— esta variedade lingüística próxima á nosa. Do que se trata, polo tanto, é de que o galego aproveite a oportunidade da súa estreita vinculación co portugués, tanto no relativo ás súas raíces históricas comúns canto aos trazos lingüísticos aínda hoxe compartidos, para avanzar no seu proceso de normalización social e para alcanzar unha maior proxección exterior, o que sen dúbida contribuirá a incrementar o seu prestixio no seo da sociedade galega e para superar os prexuízos que aínda hoxe dificultan a súa plena aceptación por algúns grupos sociais, fundamentalmente o prexuízo relativo á súa falta de utilidade. Tal fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, aprobada por unanimidade no Parlamento galego, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A devandita lei incide nesta idea ao establecer que a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, lle outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega (...). Por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha gran proxección internacional.
- O galego, pois, como lingua histórica e a través do portugués, é unha lingua universal e policéntrica, cunha apreciable diversidade dialectal. Tal como acontece co ensino do español ou do inglés, parece lóxico que o alumnado de lingua galega tamén adquira coñecementos sobre as variedades lingüísticas pertencentes ao diasistema lingüístico común, de maneira especial cando tal coñecemento contribúe de modo eficaz ao incremento do seu repertorio lingüístico e á mellora da autoestima das persoas galegofalantes.
- Por último, debe propiciarse que esta aprendizaxe se sustente nunha comprensión crítica dos fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e das consecuencias que poidan ter respecto diso os distintos modelos de convivencia lingüística. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.



OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.

- Desenvolver as estratexias de comprensión oral implica entender a comunicación como un constante proceso de interpretación de intencións no que entran en xogo o coñecemento compartido entre interlocutores e todos aqueles elementos contextuais e cotextuais que permiten interpretar o sentido do texto. A comprensión e interpretación de mensaxes orais require destrezas específicas que deben ser obxecto de ensino e aprendizaxe, desde as máis básicas (anticipar o contido, distinguir entre feitos e opinións, captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso), ás máis avanzadas (identificar a intención do emisor; analizar procedementos retóricos; valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto, entre outras).
- A atención ao desenvolvemento de estratexias de comprensión oral céntrase nesta etapa en textos de carácter académico e dos medios de comunicación con maior grao de especialización. Iso implica o contacto con novos xéneros discursivos, o emprego de mecanismos que permitan adquirir os coñecementos previos e os requiridos para a comprensión do texto, así como a familiarización cun léxico caracterizado pola presenza de tecnicismos, préstamos e estranxeirismos. A incorporación de discursos orais que aborden temas de relevancia social, científica e cultural é esencial para preparar o alumnado tanto para a súa participación activa na vida social como para o seu posterior desenvolvemento académico e profesional.

OBX3. Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

- Nesta etapa, prestarase especial atención a situacións con maior distancia social entre os interlocutores, que exixen usos lingüísticos máis elaborados, rexistros formais e un control consciente de canto ten que ver coa comunicación non verbal. Estas destrezas serán esenciais para o desenvolvemento académico e profesional posterior. É preciso coñecer as claves dos xéneros discursivos e proporlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que lle permitan afrontar producións orais sobre temas de relevancia nas distintas áreas do saber. As ditas secuencias didácticas atenderán ás sucesivas fases do proceso (planificación, produción, ensaio e revisión) ata chegar ao produto final.
- Por outro lado, un maior grao de conciencia lingüística nas interaccións orais é un requisito indispensable para participar de maneira activa, comprometida e ética en sociedades democráticas. As clases de linguas deben procurar o acceso a contextos participativos propios dos ámbitos social ou educativo, onde o alumnado poida tomar a palabra e desenvolver estratexias de escoita activa, cooperación conversacional e cortesía lingüística. As tecnoloxías da información e da comunicación proporcionan novos formatos para a comunicación oral multimodal, síncrona ou asíncrona, e permiten rexistrar as producións orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.



- A atención ao desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora céntrase nesta etapa en textos de carácter académico cun alto grao de especialización, así como noutros procedentes dos medios de comunicación que abordan temas de relevancia social, científica e cultural. A lectura e interpretación de textos académicos implica o contacto con novos xéneros discursivos, o emprego de mecanismos que permitan asimilar os novos coñecementos, así como a familiarización cun léxico técnico e con abundante presenza de préstamos e estranxeirismos.
- Alén diso, a lectura, interpretación e valoración de textos xornalísticos implica o coñecemento do contexto para poder completar o seu sentido e identificar a súa liña editorial. Se así non for, o lector queda limitado á interpretación literal, incapaz de detectar ironías, alusións ou duplos sentidos, ou de captar a intención comunicativa do autor ou autora. Por iso o desenvolvemento da competencia lectora en bacharelato implica incidir na motivación, o compromiso e as prácticas de lectura, xunto co coñecemento e uso das estratexias que deben empregarse antes, durante e despois do acto lector, atendendo de maneira especial ao manexo de fontes diversas que permitan ampliar os coñecementos previos e aclarar a finalidade coa que foi escrito.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

- Saber escribir significa hoxe facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento dos xéneros discursivos. En bacharelato cobran especial relevancia os académicos (disertacións, ensaios, informes ou comentarios críticos, entre outros) que reclaman a integración de diferentes disciplinas. O alumnado, polo tanto, debe manexar con soltura a alternancia de información e opinión, consignando as fontes consultadas e procurando unha adecuada claridade expositiva.
- A composición dun texto escrito ten de atender tanto á coherencia, cohesión e adecuación do rexistro, como á propiedade léxica e á corrección gramatical e ortográfica, así como á valoración das alternativas dispoñibles para o uso da linguaxe inclusiva. Require tamén adoptar decisións sobre o ton do discurso en función do papel desempeñado polo emisor e o receptor. Alén diso, resulta esencial pór a máxima atención na linguaxe e no estilo.

OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.

- A produción, proliferación e distribución da información é o principio constitutivo das sociedades actuais, mais o acceso á información non garante en por si o coñecemento. Por iso é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, desde un punto de vista crítico e persoal, e evidenciando unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital.
- Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma colectiva, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para realizar traballos ou proxectos de investigación, en especial sobre temas do propio currículo ou das obras literarias lidas. Estes procesos de investigación deben respectar as convencións de presentación establecidas (índice, organización en epígrafes, procedementos de cita, notas ao pé de páxina, bibliografía e webgrafía), fomentando a creatividade e a adecuación ao contexto co fin de favorecer a súa correcta difusión. A biblioteca escolar, como espazo creativo de aprendizaxe, será o contorno ideal para o logro deste obxectivo.

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á



diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.

- Desenvolver este obxectivo implica avanzar na consolidación e construción dunha identidade lectora progresivamente autónoma, propiciando momentos de reflexión que permitan establecer relacións entre os textos lidos. Iso supón ampliar a diversidade, a complexidade dos textos escollidos vinculando as formas literarias tradicionais e actuais en distintos soportes con prácticas culturais emerxentes e a capacidade de expresar a experiencia lectora. Trátase de dar un paso cara a un corpus de lecturas autónomas máis orientado á apreciación estética da literatura. En consecuencia, a emisión de xuízos de valor sobre as obras apoiarase en elementos como a intertextualidade, a indagación, a lectura e o comentario das obras lidas.
- Este obxectivo contribúe á adquisición dun saber literario e cultural que lle permite ao alumnado establecer relacións entre as distintas lecturas, indagar sobre as obras lidas, comprender e interpretar axeitadamente os textos, situalos con precisión no seu contexto, así como nas formas culturais en que se inscriben, e entender as características das distintas convencións a partir das cales se constrúen as obras.

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.

- Este obxectivo permite o acceso a obras relevantes do patrimonio literario e o comentario das lecturas, ao tempo que constrúe un mapa cultural que conxugue horizontes galegos, lusófonos e universais relacionando as obras literarias con outras manifestacións artísticas e culturais. Para fomentar o hábito lector, será necesario establecer itinerarios formativos con lecturas guiadas en que debe haber representación de autores e autoras non só galegos senón tamén do ámbito lusófono, afondar na noción de historicidade e intertextualidade, e sustentar a aprendizaxe na investigación e na interpretación compartida das obras.
- Trátase de seleccionar un número reducido de obras que serán obxecto de lectura guiada e compartida na aula. Os títulos elixidos irán acompañados dun conxunto de textos que axuden a entender tanto a súa contextualización histórica e cultural como o seu lugar na tradición literaria, a súa interpretación e a relación con outras formas artísticas clásicas e actuais. Convén elaborar unha escolma de obras relevantes do patrimonio literario galego, lusófono e universal, incorporando textos de mulleres escritoras, para analizar o fenómeno literario e as relacións que se establecen cos valores ideolóxicos e estéticos do seu contexto de produción, así como a aplicación do seu significado á actualidade. Así mesmo, débese propiciar a creación de textos literarios con conciencia de estilo, respectando as convencións formais dos diversos xéneros.

OBX9. Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.

- Para que o estudo sistemático da lingua sexa útil, debe promover a competencia metalingüística do alumnado e vincularse cos usos reais e contextualizados propios dos falantes. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento previo do alumnado para acadar un dominio máis avanzado e sistemático da lingua, utilizando para iso unha terminoloxía específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.



- Trátase, polo tanto, de abordar a aprendizaxe estruturada da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre o coñecemento e o uso da lingua a partir da elaboración de pequenos proxectos de investigación. Para iso hai que partir da observación do significado e a función que as formas lingüísticas adquiren no discurso. A manipulación de enunciados, o contraste entre oracións, a formulación de hipóteses e de regras, o uso de contraexemplos ou a conexión con outros fenómenos lingüísticos, permitirán unha maior sistematización e comunicación dos resultados cunha metalinguaxe axeitada. En definitiva, procúrase estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o estudiantado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellora das producións propias e da comprensión e interpretación crítica das alleas.

OBX10. Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.

- Lograr este obxectivo implica que as persoas sexan eficaces á hora de se comunicaren e que poñan as palabras ao servizo da dimensión ética da comunicación.
- No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e no respecto, brindando recursos para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos. Erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra é un imperativo ético. Nos ámbitos educativo, social e profesional, a educación lingüística debe capacitar para exercer unha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables en relación cos grandes desafíos a que, como humanidade, estamos expostos: a sustentabilidade do planeta, a erradicación das diferentes violencias (incluída a violencia de xénero) e das crecentes desigualdades, etc.

1.3 Criterios de avaliación e contidos

Segundo curso

Materia de Lingua Galego e Literatura 2º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1 Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística. 	OBX1



<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social. 	OBX10

Contidos

- As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.
- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.
- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.
- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.

Bloque 2. Comunicación

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4 Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta. 	OBX4



▪ CA2.6. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX4
▪ CA2.7. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX5
▪ CA2.8. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX5
▪ CE2.9. Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	OBX6
▪ CE2.10. Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	OBX6

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
 - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
 - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.



- Producción escrita: elaboración, planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
 - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
 - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
 - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

Bloque 3. Educación literaria

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1 Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito 	OBX8



<p>lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.7. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.8. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. 	OBX10

Contidos

- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
 - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
 - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
 - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e *bestsellers*.
 - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
 - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
 - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
 - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
 - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
 - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
 - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
 - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.



- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.4. Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. 	OBX9

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
 - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
 - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
 - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
 - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
 - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
 - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

1.4 Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa na materia de Lingua Galega e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as

aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7	1-4			3	1.1			2-3.1-3.2
OBX8	1-4					1		1-2-3.1-3.2-4.2
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3.1	1-2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.
- A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e

sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

- O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sustentable, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por exemplo, en primeiro de bacharelato, para desenvolver un programa de televisión en liña, pódese organizar, o traballo por equipos para o deseño do grafismo do programa, a selección da música, a elaboración do guión, a escolma das noticias, as entrevistas, a creación dun anuncio promocional e a gravación final.
- A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
- O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou do grao de autonomía conferido ao alumnado.
- A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos



na educación secundaria obrigatoria e as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que, alén de facilitaren a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...
- A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).
- A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.
- O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.
- O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.